



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 01/2.017

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE ORDES, A CORUÑA, O DIA CINCO DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a cinco de xaneiro de dous mil dezasete.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, reúnese en sesión extraordinaria en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local do Concello de Ordes, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros:

- D^a. ANA M^a SONEIRA LIÑARES.
- D. BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL.
- D. LUIS CAAMAÑO FRAGA.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.

Asiste o Sr. Secretario do Concello D. Juan Luis González Iglesias, que da fe do acto.

Aberta a sesión e declarada non pública pola Presidencia ás catorce horas previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar ós demais membros da Xunta de Goberno Local se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, celebrada o día 30 de decembro do ano en curso, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo elo ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Non producíndose ningunha observación, a acta da sesión ordinaria, de data 30 de decembro de 2.016, foi aprobada por maioría de seis votos a favor, sendo seis o número legal de membros desta Xunta de Goberno Local.

PUNTO SEGUNDO: AUTORIZACIÓN, SE PROCEDE, SUBMINISTRO DE AUGA E SANEAMENTO.

Solicitudes de autorización de servizos de auga e saneamento.

Vistos os informes do concesionario do servizo de abastecemento e saneamento de auga.

Visto o disposto nos arts. 8, 13, 14, 22.a, 34 e 40 do Regulamento do Servizo de Abastecemento de Auga e Saneamento de Ordes.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de seis votos a favor, sendo seis o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Autorizar o subministro de auga e saneamento ós usuarios e para os usos seguintes:

- M.F.R, con DNI nº 00000000, alta de auga industrial, rúa do Muíño, 28, baixo, Ordes.

2º.- Os usuarios do servizo de abastecemento de auga e saneamento veñen obrigados ó cumprimento do establecido nos arts. 5, 38 e 39 do Regulamento do Servizo.

PUNTO TERCEIRO: LICENZAS URBANÍSTICAS, COMUNICACIÓNS PREVIAS.

Expediente instruído a instancia de **A. DAVIÑA COMUNICACIONES, S.L.**, con CIF nº B15649742, con enderezo a efectos de notificacións en ----, de comunicación previa de inicio en solo urbano (solo urbano residencial de edificación entre medianeiras, URME), de apertura de actividade comercial: “**TENDA DE TELEFONÍA**”, en rúa Alfonso Senra, 99, baixo, Ordes (referencia catastral 8497915NH4689N0001GW), segundo proxecto técnico de actividade por Guillermo Muñoz Chesa, arquitecto, (**Expdte. 291/2.016 – SIGEM 2.016/U019/000038**).

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de seis votos a favor, sendo seis o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

I.- A actividade comercial: “**TENDA DE TELEFONÍA**”, cumpre os requisitos para o seu inicio.

II.- Notifíquese o presente acordo á interesada, así como os recursos que poidan interpoñer contra este.

Expediente instruído a instancia de **VÁZQUEZ & ELÍAS, S.L.**, con CIF nº B70495627, con enderezo a efectos de notificacións en ----, de comunicación previa de inicio en solo urbano (solo urbano residencial de edificación entre medianeiras, URME), de apertura de actividade permanente de OCIO E ENTRETENIMENTO, en establecemento fixo: “**CAFÉ-CONCERTO**”, (Epígrafe 2.6.9), con capacidade para 78 persoas, en rúa do Muíño, 16, baixo esq., Ordes (finca catastral 8297324NH4689N0001GW), segundo proxecto técnico de actividade por Arturo M. Para García, arquitecto técnico (**Expdte. 302/2.016 – SIGEM 2.016/U019/000040**).

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de seis votos a favor, sendo seis o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

I.- A actividade permanente de OCIO E ENTRETENIMENTO, en establecemento fixo: “CAFÉ-CONCERTO”, cumpre os requisitos para o seu inicio.

II.- Notifíquese o presente acordo á interesada, así como os recursos que poidan interpoñer contra este.

PUNTO CUARTO: ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, CONTRATOS MENORES.

Expediente de contrato menor de servizos/subministro.

Visto o disposto nos arts. 9, 10 e 138.3 do R.D. Lei 3/2.011, de 14 de novembro (TRLCSF).

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de seis votos a favor, sendo seis o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

- Adxudicar o contrato menor de servizos/subministro: “**REVISIÓN DAS CANALIZACIÓNS EXISTENTES, ADECUACIÓN DAS BASES SEMAFÓRICAS, RENOVACIÓN DO CABLEADO E INSTALACIÓN DE SEMÁFOROS NOVOS**”, con cargo á partida **133.619.00** do orzamento municipal, a **ETRALUX, S.A.**, con CIF nº A46066791, por importe de **EUROS VINTE E UN MIL SEISCENTOS SETENTA E SETE CON SESENTA (21.677,60)** (Ive incluído).

Expediente de contrato menor de servizos.

Visto o disposto nos arts. 10 e 138.3 do R.D. Lei 3/2.011, de 14 de novembro (TRLCSF).

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de seis votos a favor, sendo seis o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

- Adxudicar o contrato menor de servizos: “**OPTIMIZACIÓN DA FACTURA ELÉCTRICA**”, con cargo á partida **165.227.06** do orzamento municipal, a **FLINQ INGENIERIA, S.L.**, con CIF nº B70497003, por importe: o 18 % do aforro conseguido, cun máximo de **CATRO MIL CENTO CINCUENTA EUROS (4.150,00)** (Ive excluído).
- Adxudicar o contrato menor de servizos: “**RECLAMACIÓN DE ERRORES DA FACTURA ELÉCTRICA**”, con cargo á partida **165.227.06** do orzamento municipal, a **FLINQ INGENIERIA, S.L.**, con CIF nº B70497003, por importe: o 18 % do aforro conseguido, cun máximo de **TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00)** (Ive excluído).



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

- Adjudicar o contrato menor de servizos: “**REDACCIÓN DE PREGOS PARA A LICITACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA AO CONCELLO DE ORDES**”, con cargo á partida **165.227.06** do orzamento municipal, a **FLINQ INGENIERIA, S.L.**, con CIF nº B70497003, por importe: **MIL DOUSCENTOS EUROS (1.200,00) (Ive excluído)**.
- Adjudicar o contrato menor de servizos: “**REDACCIÓN DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN REACTIVA**”, con cargo á partida **165.227.06** do orzamento municipal, a **FLINQ INGENIERIA, S.L.**, con CIF nº B70497003, por importe: **MIL EUROS (1.000,00) (Ive excluído)**.
- Adjudicar o contrato menor de servizos: “**REALIZACIÓN DE INVENTARIO e GIS DE PUNTOS DE SUBMINISTRO ELÉCTRICO MUNICIPAL - REALIZACIÓN DE INVENTARIO e GIS DE PUNTOS DE SUBMINISTRO E PUNTOS DE LUZ DE ALUMEADO PÚBLICO MUNICIPAL**”, con cargo á partida **165.227.06** do orzamento municipal, a **FLINQ INGENIERIA, S.L.**, con CIF nº B70497003, por importe: **TRECE MIL EUROS (13.000,00) (Ive excluído)**.
- Adjudicar o contrato menor de servizos: “**REALIZACIÓN DE AUDITORÍA DO ALUMEADO PÚBLICO MUNICIPAL**”, con cargo á partida **165.227.06** do orzamento municipal, a **FLINQ INGENIERIA, S.L.**, con CIF nº B70497003, por importe: **DOUS MIL EUROS (2.000,00) (Ive excluído)**.

PUNTO QUINTO: EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO, SEN PUBLICIDADE, POR RAZÓN DA CONTÍA, DAS OBRAS CORRESPONDENTES A INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES.

Celebrada a licitación para a adjudicación, por procedemento negociado, sen publicidade, das obras: **HUMANIZACIÓN RUA ALFONSO SENRA (CRUCE RÚA DOS LAGARTOS A CRUCE RÚA MEDIODÍA)**, correspondentes A **INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES**.

Visto a orde de clasificación das ofertas e proposta de adjudicación.

LICITADOR	A) Programa de traballo	B) Actuación ambiental	C) Plan de control de calidade	D) Esquema do Plan de Seguridade e Saúde	E.1) Porcentaxe de control interno de calidade	E.2) Porcentaxe de control externo de calidade	F) Redución do prazo de execución	G) Oferta económica	TOTAL
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	20,00	15,00	7,00	10,00	1,00	9,00	10,00	1,45	73,45
GESTAL Y LÓPEZ, S.L.	20,00	15,00	7,00	10,00	0,32	0,90	1,00	1,21	55,43
CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	10,00	5,00	7,00	5,00	0,40	3,00	7,65	1,21	39,26
EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.	5,00	5,00	3,00	5,00	0,00	0,00	1,00	0,00	19,00



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Visto que a persoa licitadora que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa presentou a documentación indicada na cláusula 16ª.3 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto o disposto na cláusula 16ª.5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de seis votos a favor, sendo seis o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Adxudicar o contrato das obras: **HUMANIZACIÓN RUA ALFONSO SENRA (CRUCE RÚA DOS LAGARTOS A CRUCE RÚA MEDIODÍA)**, correspondentes A **INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES**, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa atendendo aos criterios de adxudicación fixados na cláusula 15ª.2 do prego de cláusulas administrativas particulares:

Adxudicatario	Prezo do contrato
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L., CIF nº B15496219	120.500,00 € [99.586,78 € (prezo) + 20.913,22 (ive)]

2º.- Notificar ao adxudicatario o presente acordo, e a súa vez, requirirlle para que no prazo de quince días seguintes ó da notificación concorra a formalizar o contrato en documento administrativo.

3º.- Nomear como técnico director das obras a D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do día ó principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta da que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO